

UNHA CALA NA ONOMÁSTICA GALEGA RURAL: OS NOMES DA PARROQUIA DE BERDOIAS DO SÉC. XVII Ó XXI (EXTRACTO)

Xosé M^a Lema Suárez
IES Antón Losada Diéguez. A Estrada

Co estudo dos bautizados da parroquia de San Pedro de Berdoias (Vimianzo, Terra de Soneira) do ano 1607 ó 2000, pretendo facer unha cala sobre os nomes de homes e mulleres nados nesta freguesía, e dos cambios habidos de século a século e dos factores que puideron intervir neses cambios.

Quizais haxa quen estea canso deste meu monotema, pois xa teño presentado e publicado noutros congresos algúns adiantos (do XVIII Congreso Internacional de Onomástica de Tréveris de 1993 ó VI Congreso Internacional de Estudios Galegos da Habana de 2000). Como xa teño advertido, esta investigación estouna levando con moito vagar, pois –tamén o teño dito–, nin son nin me considero especialista en onomástica: unicamente un historiador que sente verdadeira curiosidade por esta ciencia, e especialmente polos cambios de de nomes e apelidos habidos ó longo do tempo e as súas causas.

A base da miña investigación son os libros de bautizados da parroquia de Berdoias, na zona máis occidental de Galicia, e o estudo tamén por iso tivo que se demorar, pois non sempre o seu párroco reitor me podía facilitar tales libros, especialmente os dos últimos anos, por razóns obvias (son os que necesita en calquera momento, aínda que ben poucas veces, ben é certo, dada a escaseza de nacementos).

Isto e outras ocupacións para min máis urxentes, motivaron que non puidese remata-la consulta dos nomes de persoa desta freguesía do séc. XX ata hai moi pouco, de xeito que o estudo ó completo (a onomástica do séc. XVII ó XXI; máis concretamente: do ano 1607 ó 2000, ambos inclusive) non está rematado.

Nesta comunicación, limitareime a expoñer-los obxectivos que me fun marcando a medida que avanzaba no tema, e a adiantar algúns dos datos, co seu comentario correspondente.

Os obxectivos que, de momento, teño perfilados, son os seguintes:

1. Establecer comparacións porcentuais dos nomes masculinos e femininos de tódolos bautizados de Berdoias dos séculos XVII, XVIII, XIX e XX. Establece-las causas explicativas dos nomes máis usados en cada época ou centuria.
2. Observar se se mantén ou non a onomástica tradicional –da zona e de Galicia en xeral– ou, pola contra, se introducen nomes non habituais ou exóticos. Determina-las posibles causas destas introducións.
3. Os nomes compostos. Ver cando se inicia o costume da imposición de dous ou máis nomes ós/ás bautizados/as, e cales foron as combinacións máis usadas para home e muller. Influencia dos padriños e pais.
4. Determinar de quen toma o nome o bautizado: do pai e/ou da nai, do padriño e/ou da madriña, do crego oficiante, do santo patrón parroquial, do santo do día, etc.
5. Nomes e clases sociais. Comprobar se a diferenza de clases sociais determina o uso ou a introdución de certos nomes: téñase en conta que nas parroquias rurais dos séculos XVII, XVIII e mesmo do XIX convivían cos labregos unha ou dúas familias fidalgas (as construtoras dos pazos e casas brasonadas). No outro extremo da sociedade, observa-lo trato onomástico que reciben os fillos e fillas de nai solteira e de pai descoñecido –denominados nas partidas «fillos ilexítimos», de «pai incógnito»–, por se recibiron algún tipo de discriminación á hora da imposición do nome.
6. O grao de castelanización dos nomes galegos. Observar como se vai xeneralizando, especialmente no séc. XVII e XVIII, a castelanización dos nomes, a pesar de certas resistencias heroicas. Por outra parte, ver se no derradero terzo do séc. XX, en paralelismo coas campañas de normalización do galego dos últimos anos, se apreciou así mesmo algún indicio de recuperación nos nenos e nenas dos nomes propios galegos.
7. A onomástica e o Catastro de Ensenada (1753). Sabido é que o Catastro, ó reseñar tan só os cabos de cada casa nas súas listaxes veciñas («Personal de Legos»), unicamente dan conta dos nomes e apelidos dos homes (das mulleres, unicamente as viúvas e solteiras que vivían soas). Coa fin de realizar unha «foto estática» dos nomes de tódolos habitantes de Berdoias en torno ó ano 1753, tentamos coñecerlos nomes dos restantes membros das familias destes patrucios, acudindo con moitas dificultades ós datos dos libros de bautizados.
8. Os apelidos. Tentaremos tamén presentar unha completa relación dos apelidos de Berdoias de 1607 a 2000, facendo nota-los que teñen a súa orixe certa na freguesía, como o apelido Romar (este é o nome dunha das aldeas parroquiais). Rexistrarémolas datas de entradas dos apelidos novos e tentaremos pescudar se, no caso dos de orixe toponímica, proceden dalgunha parroquia da redonda. Polo costume, vixente ata ben entrado do séc. XIX, de que os fillos tomasen o apelido do pai e as fillas da nai, temos indicios de apelidos case exclusivamente masculinos.

nos e outros case exclusivamente femininos. Finalmente, iremos dando fe da progresiva castelanización dos apelidos de formas galegas.

9. Todo isto irá acompañado dun interesante apéndice documental, onde se transcribirán partidas de bautizados das catro centurias: unhas normais, estándar, e outras non tanto (fillos de fidalgos, fillos de nais solteiras, fillos de viúvas de vivos, etc.).

Este é o meu ambicioso propósito. De momento, desta investigación en curso adianto a relación completa dos nomes de persoa máis repetidos –os primeiros nomes, no caso dos compostos– dos nados e bautizados en Berdoias en cada unha das catro centurias indicadas, así como a primeira relación de apelidos, correspondente ó período 1607-1650: os comúns a homes e mulleres e os «exclusivamente» transmitidos por vía masculina e por vía feminina.

Polo demais, como non especialista confesante estou aberto a suxestións que se me poidan facer para aproveitar máis e mellor os datos de que dispoño.

Cadro 1 Relación comparada dos nomes dos bautizados de Berdoias (séculos XVII, XVIII, XIX e XX):

a) Homes¹

nome	Séc. XVII (1607-1700: 64 anos) ² 164 nenos Total (porc.)	nome	Séc. XVIII (1701-1800: 100 anos) 534 nenos Total (porc.)	nome	Séc. XIX (1801-1900: 100 anos) 588 nenos Total (porc.)	nome	Séc. XX (1901-2000: 100 anos) 492 nenos Total (porc.)
1. Juan ³	41 (25 %)	1. Juan	77 (14,4 %)	1. José	130 (22,1 %)	1. José	135 (27,4 %)
2. Domingo ⁴	20 (12,2 %)	2. Andrés	47 (8,8 %)	2. Manuel	108 (18,4 %)	2. Manuel	82 (16,7 %)
3. Andrés	13 (7,9 %)	3. Domingo	41 (7,67 %)	3. Andrés	51 (8,67 %)	3. Jesús	42 (8,5 %)
4. Alonso, Pedro	11 (6,7 %)	4. Josef	39 (7,3 %)	4. Francisco	27 (4,6 %)	4. Francisco	17 (3,45 %)
5. Francisco	10 (6 %)	5. Pedro	32 (6 %)	5. Joaquín	22 (3,74 %)	5. Andrés, Juan	9 (1,8 %)
6. Antonio	9 (5,48 %)	6. Francisco	27 (5 %)	6. Pedro	18 (2,7 %)	6. Ricardo	8 (1,6 %)
7. Alverto ⁵	5 (3 %)	7. Manuel	26 (4,87 %)	7. Vicente	16 (3 %)	7. Alejandro	7 (1,4 %)
8. Bartolomé ⁶	4 (2,43 %)	8. Antonio	20 (3,75 %)	8. Domingo, Simón	15 (2,55 %)	8. Aurelio, Eduardo, Enrique, Evaristo	6 (1,2 %)
9. Angel, Martín	3 (1,82 %)	9. Angel, Pablo	13 (2,43 %)	9. Benito, Juan, Pablo, Ramón	13 (2,2 %)	9. Pedro	5 (1 %)
10. Bernabé, Joseph ⁷ , Lorenzo, Luis, Philippe ⁸ , Simón	2 (1,2 %)	10. Ignacio, Mathias, Miguel, Vicente	11 (2 %)	10. Miguel	12 (2 %)	10. Daniel, David, Eulogio, Faustino, Julio, Ramón	4 (0,8 %)

Cadro 2
Relación comparada dos nomes dos bautizados de Berdoias
(séculos XVII, XVIII, XIX e XX):

b) Mulleres⁹

nome	Séc. XVII (1607-1700: 64 anos) ¹⁰ 144 nenas Total (porc.)	nome	Séc. XVIII (1701-1799: 100 anos) 511 nenas Total (porc.)	nome	Séc. XIX (1801-1899: 100 anos) 599 nenas Total (porc.)	nome	Séc. XX (1901-2000: 100 anos) 442 nenas Total (porc.)
1. María	47 (32,6 %)	1. María	169 (33 %)	1. María	201 (33,5 %)	1. María	201 (45,5 %)
2. Dominga	27 (18,75 %)	2. Juana	34 (6,6 %)	2. Josefa	80 ¹¹ (13,35 %)	2. Manuela	22 (5 %)
3. Catharina ¹²	16 (11,11 %)	3. Dominga	31 (6 %)	3. Manuela	79 (13,2 %)	3. Carmen	13 (2,9 %)
4. Andrea / Andresa ¹³	6 (4,16 %)	4. Andrea / Andresa	29 (5,6 %)	4. Andrea	36 (6 %)	4. Josefa	11 (2,5 %)
5. Antonia, Francisca	5 (3,47 %)	5. Josepha	26 (5 %)	5. Rosa	19 (3,17 %)	5. Aurora	10 (2,25 %)
6. Alverta ¹⁴ , Christina ¹⁵ , Mariña / Marina ¹⁶	4 (2,77 %)	6. Francisca	24 (4,7 %)	6. Juana	18 (3 %)	6. Josefina ¹⁷	8 (1,8 %)
7. Jacinta ¹⁸ , Josepha ¹⁹ , Lorenza, Lucía, Teresa ²⁰	2 (1,4 %)	7. Antonia, Benita	20 (3,9 %)	7. Benita	14 (2,33 %)	7. Ana	7 (1,6 %)
8. Ádega ²¹ , Anasthasia, Ángela, Basilía, Benita, Clara, Egidia, Gregoria, Isabel ²² , Jacoba, Juana, Leocadia, Margarida ²³ , Micaela, Paula, Thomasa	1	8. Ana	17 (3,3 %)	8. Francisca	12 (2 %)	8. Dolores, Marina	5 (1,1 %)
		9. Manuela	13 (2,5 %)	9. Ramona	10 (1,66 %)	9. Elisa, Estrella, Lucía, Purificación, Rosa	4 (0,9 %)

Cadro 3
Apelidos comúns a homes e mulleres (Berdoais 1607-1650)

apelidos	homes	mulleres	total familias onde ten presenza
1. ALBORÉS	1 familia	1 familia	2 familias
2. BOUTIRÓN	1	1	2
3. CANOSA	3	1	4
4. CASTIÑEIRA	1	1	2
5. CASTRO	4	1	5
6. LEIS	2	2	4
7. LEMA	7	2	9
8. PAZ	4	1	5
9. ROMAR	1	1	2
TOTAL: 9 apelidos comúns a homes e mulleres			

Cadro 4
Apelidos exclusivos de cada sexo (Berdoais 1607-1650)

apelidos «exclusivamente» masculinos	nº de familias onde está presente	apelidos «exclusivamente» femininos	nº de familias onde está presente
1. ALBARELLOS	3 familias	1. ALVAREZ	1 familias
2. ANOS	3	2. ALVITE	1
3. BAÍÑAS	1	3. MARTIZ	2
4. BARRIENTOS	2	4. PADREIRO	1
5. BORDOYAS	1	5. PÉREZ	1
6. GARCÍA	1	6. RODRÍGUEZ	2
7. GRAÍÑO	1	7. SANCHEZ	3
8. MOLEDO	1	8. TRILLA	1
9. MONTERROSO	2	9. VÁZQUEZ	2
10. QUINTÁNS	1		

NOTAS

1. Unicamente se tiveron en conta, para esta relación, os nomes únicos e os primeiros dos compostos. Trátase de respecta-la ortografía orixinal maioritaria na época.
2. Cómpre termos en conta que o primeiro dos libros de bautizados de Berdoias (o de 1607-1746) non recolle na súa totalidade as partidas dos nados/as do séc. XVII, quedando sen rexistra-los dez anos que van de 1618 a 1628 e mailos case vinte de 1673 a 1692; hai tamén catro partidas ilexibles ou estragadas (as dos anos 1607, 1608, 1642 e 1671). Por outra parte, o máis probable é que non se rexistrasen no libro tódolos nenos e nenas bautizados/as, e quizais neste do séc. XVII só estean con seguridade os vástagos das familias fidalgas e os das familias labregas ricas ou de tipo medio; os fillos e fillas dos pobres caseteiros e xornaleiros posiblemente non había excesivo interese en rexistralos, e xa non digámo-los de nais solteiras (oficialmente denominados pola Igrexa «ilexítimos», denominación despectiva que permanece aínda nos libros actuais, do séc. XXI). Hai que contar tamén os inevitables esquecementos dos cregos á hora de pasaren as partidas ós libros.
3. Outras formas ou grafías: *Joan* (8 bautizados, entre 1630 e 1657).
4. Outras formas ou grafías: *Domingos* (4 bautizados, entre 1630 e 1643).
5. Outras formas ou grafías: *Alverte* (2 bautizados: 1617, 1693). No séc. XVIII, con *-b-* (*Alberte*, 1738; *Alberto*, 1782).
6. Outra grafía: *Ban̄tholomé* (1 bautizado en 1693 e outro na no séc. XVIII: en 1727).
7. *Joseph* é a grafía máis arcaica; nesta parroquia aparece a fins do séc. XVII (1670) e consérvase ó longo de todo o séc. XVIII (de 1702 a 1799). A evolución seguinte foi *Josef*, que se utiliza de 1777 a 1822. A forma actual, simplificada, *José*, empézase a utilizar contra 1816.
8. Outras formas ou grafías: *Felipe*, que aínda aparecerá por primeira vez a fins do séc. XVIII (1784).
9. Coma no caso dos homes, nesta relación unicamente entran os nomes únicos e os primeiros dos compostos. Respéctase basicamente a ortografía orixinal da época.
10. Véxase nota 2 do cadro 1.
11. Neste cómputo inclúese unha *Josefina* (1900).
12. Outras formas ou grafías: *Catarina* e *Catherina* (neste mesmo séc. XVII); a principios do XVIII: *Chatarina*, *Catalina* e *Cataliña*.
13. *Andresa* é a forma maioritaria no séc. XVII (aparece en 4 ocasións); no séc. XVIII aparece en 8 ocasións, desaparecendo despois da onomástica parroquial.
14. Outra forma ou grafía, no século seguinte: *Alberta*.

15. Outra forma ou grafía: *Cristina* (séculos XVII e XVIII).
16. A principios do séc. XVII, dúas bautizadas coa forma galega *Mariña* (ano 1607); despois só quedará a forma castelá *Marina*.
17. No século anterior incluímos unha única *Josefina* entre as *Josefas*. No séc. XX preferimos mantelas separadas, pois as cifras dunha e doutra forma son equivalentes e parece haber algún interese en establecer certa diferenciación entre elas.
18. Nunha ocasión –xa no séc. XVIII– con grafía arcaica: *Xacinta* (1701).
19. A forma arcaica *Josepha* permaneceu durante todo o séc. XVII e case todo o XVIII (ata 1772), sendo despois substituída, definitivamente, pola actual *Josefa* (desde 1788).
20. Outra forma ou grafía: *Tareçia* (neste mesmo séc. XVII: en 1628). Despois será, definitivamente, *Teresa*.
21. Así –*Adega*– a finais do séc. XVII (1695); un século despois e ata os nosos días: *Águeda* (1799).
22. Outras formas ou grafías, neste mesmo séc. XVII: *Isavel*; no século seguinte: *Isabela* (1726), só nunha ocasión.
23. Outra forma ou grafía, xa no séc. XVIII: *Margarita*.